



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2017/18 |
| Asignatura (*) | Dereito Sindical II | Código | 760G01014 | |
| Titulación | | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Dereito Público | | | |
| Coordinación | Munín Sánchez, Lara María | Correo electrónico | l.munin@udc.es | |
| Profesorado | Castro Mejuto, Luis Fernando de Munín Sánchez, Lara María | Correo electrónico | luis.decastro@udc.es l.munin@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | <p>A materia de dereito sindical II se encontra no segundo ano do grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. O contido desta materia capacita ao alumno para o coñecemento das relacións laborais colectivas, desde unha perspectiva histórica actual e comparada.</p> <p>Os obxectivos teóricos da materia concréntanse no estudo da materia específica da negociación colectiva e dos conflitos laborais e a súa solución. A fin de alcanzar un suficiente coñecemento legislativo, doctrinal e jurisprudencial en materia de negociación colectiva tanto na estrutura e dinámica do sistema como no contido da propia negociación e prevención dos conflitos laborais, incluídos os sistemas de solución extraxudicial dos mesmos.</p> <p>A nivel práctico, os obxectivos que se pretenden conseguir, son o correcto manexo e interpretación dos textos legais, jurisprudenciais e doctrinais; a elaboración de argumentos xurídicos; a redacción de documentos e realización de tramitacións ante os Organismos correspondentes e a resolución daqueles supostos prácticos que se expoñan sobre contidos do programa.</p> | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|-----|-----|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | | | Competencias / Resultados do título |
| A1 Marco normativo regulador das relacións laborais. | A1 | | |
| A13 Transmitir e comunicarse por escrito e oralmente usando a terminoloxía e as técnicas adecuadas. | A13 | | |
| A14 Seleccionar e xestionar información e documentación laboral. | A14 | | |
| A20 Realizar funcións de representación e negociación en diferentes ámbitos das relacións laborais | A20 | | |
| A27 Asesoramento a organizacións sindicais e empresariais, e aos seus afiliados. | A27 | | |
| A31 Aplicar os coñecementos á práctica. | A31 | | |
| A30 Representación técnica no ámbito administrativo e procesual e defensa ante os tribunais. | A30 | | |
| A33 Comprender o carácter dinámico e cambiante das relacións laborais no ámbito nacional e internacional | A33 | | |
| A35 Análise crítico das decisións emanadas dos axentes que participan nas relacións laborais. | A35 | | |
| B1 Resolución de problemas. | | B1 | |
| B5 Toma de decisións. | | B5 | |
| B6 Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. | | B6 | |
| B12 Motivación para a calidade. | | B12 | |
| B13 Adaptación a novas situacións. | | B13 | |
| C1 Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. | | | C1 |



| | | | |
|---|--|----|----|
| C4 Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. | | | C4 |
| C7 Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. | | | C7 |
| B9 Traballo en equipos. | | B9 | |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| A NEGOCIACIÓN COLECTIVA | <p>1.Consideracións xerais. Os principios constitucionais en materia de negociación colectiva.</p> <p>2.Os convenios colectivos estatutarios (I). Concepto, natureza e clases. Partes contratantes: capacidade, legitimación e control. Unidades de negociación.</p> <p>3.Os convenios colectivos estatutarios (II). Contido dos convenios colectivos. Procedemento. Impugnación dos convenios colectivos.</p> <p>4.Os convenios colectivos estatutarios (III). Control dos convenios colectivos. Eficacia xurídica e persoal. Duración. Aplicación. Adhesión e extensión .</p> <p>5.Os convenios colectivos extraestatutarios.- Admisibilidade e fundamento. Modalidades. Contido. Normativa aplicable.Natureza e eficacia. Réxime xurídico.</p> |
| OS ACORDOS O PACTOS DE EMPRESA | <p>1.Os acordos de empresa substitutivos de convenios colectivos estatutarios.</p> <p>2. Os acordos colectivos que pon fin a unha folga.</p> <p>3. Os acordos colectivos que pon fin a un conflito colectivo.</p> <p>4.Os acordos colectivos de empresa de inaplicación dun convenio colectivo estatutario.</p> <p>5. Os acordos colectivos de empresa de modificación substancial de condicións contractuais de carácter colectivo. 6. Os acordos colectivos de empresa de fusión e absorción de empresas.</p> |
| A NEGOCIACIÓN COLECTIVA DO PERSOAL LABORAL E DOS FUNCIONARIOS NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. | <p>1. A negociación colectiva do persoal laboral nas administracións públicas. normativa, ámbito de aplicación, unidades de negociación , legitimación contido , procedemento e interpretación.</p> <p>2. Ambito de aplicación partes contratantes, unidades de negociación, contido, procedemento negociador. impugnación xudicial, eficacia jurídica, duración, interpretación e aplicación.</p> <p>3. A negociación colectiva unitaria para o persoal laboral e funcionario nas administracións publicas.</p> |
| OS CONFLICTOS . | <p>1. Consideracións xerais: concepto e clases de conflitos.</p> <p>2. Os medios de presión: A Folga. O peche patronal.</p> <p>3. Os procedementos para a solución "pacífica" dos conflitos colectivos.</p> |

| Planificación | | | | |
|-------------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Análise de fontes documentais | A14 | 5 | 10 | 15 |
| Discusión dirixida | A35 | 3 | 6 | 9 |



| | | | | |
|---------------------------------------|--------------------------|----|----|----|
| Estudo de casos | A20 A27 A30 A31 B1 B9 | 9 | 18 | 27 |
| Presentación oral | A13 C1 | 2 | 6 | 8 |
| Proba obxectiva | A1 | 2 | 14 | 16 |
| Sesión maxistral | A33 B6 B12 | 20 | 40 | 60 |
| Portafolios do alumno | A1 A14 A31 A35 B1 B5 | 0 | 10 | 10 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | B5 B13 C7 C4 | 4 | 0 | 4 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Análise de fontes documentais | Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico |
| Discusión dirixida | Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador. |
| Estudo de casos | Metodoloxía onde o suxeito se enfronta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. |
| Presentación oral | Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica. |
| Proba obxectiva | Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa. A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas. |
| Sesión maxistral | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. |
| Portafolios do alumno | Aos efectos de esta materia o portafolios do alumno designa o conxunto de traballos, prácticas e tarefas de calquera índole realizadas e entregadas polo alumno durante o cuatrimestre conforme a os criterios sinalados polo profesor. |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Estas actividades proporcionan ao alumnado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo. |



Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------------------|---|
| Análise de fontes documentais | Estudo e aprendizaxe do manexo das fontes do dereito. a traves da información e as directrices do profesor no manexo de de textos legais, xurisprudencia . |
| Discusión dirixida | Participación do profesor nas discusións para desenvolver o aspecto critico do alumno. através de tutorías nas que o profesor orienta, supervisa e corrixe o traballo do alumno conxuntamente co. |
| Estudo de casos | Formar ao alumno na resolución practica dos temas teoricos e na súa exposición. |
| Presentación oral | Formar ao alumno na resolución practica dos temas teoricos e na súa exposición. |
| Proba obxectiva | Axuda a elección de temas complementarios aos coñecementos adquiridos na clase para á súa exposición e presentación individual ou en mesa redonda. |
| Sesión maxistral | Novas metodoloxías técnicas no desenvolvida na lección maxistral |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|-----------------------|---------------------------|---|---------------|
| Proba obxectiva | A1 | Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendimento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa. A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas. | 60 |
| Portafolios do alumno | A1 A14 A31 A35 B1 B5 | A efectos de avaliación o portafolios do alumno comprende todas as prácticas , traballos e tarefas realizados polo alumno durante o curso. | 40 |

Observacións avaliación



I. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN 1. Do volume total do traballo do estudantado nesta materia, unha grande parte corresponde ao traballo individual ou en grupo que o propio estudantado se compromete a realizar sen a presenza da persoa encargada da docencia. 2. A avaliación da aprendizaxe debe comprender tanto o proceso como o resultado obtido, tendo en conta sempre que a maneira de avaliar condiciona o método de aprendizaxe e inflúe na propia aprendizaxe. 3. A proba escrita obxectiva avalía o resultado obtido, mais non permite avaliar con exactitude o proceso de aprendizaxe. Precisamente por isto, valorarase o rendemento e as aprendizaxes acadadas a través da combinación entre actividades de avaliación formativa e de avaliación final, de modo que a cualificación será o resultado da avaliación continua e da realización dunha proba final. 4. A avaliación continua implica valorar o esforzo e o proceso na aprendizaxe por medio da participación do estudantado. 5. A proba obxectiva implica valorar os resultados da aprendizaxe.

II. CRITERIOS ESPECÍFICOS DA AVALIACIÓN

1º) A puntuación total da asignatura comprende dúas partes : a proba obxectiva que representa o 60% da nota , e o conxunto de prácticas realizadas durante o curso ,que comprenderá o 40% restante. A entrega das prácticas para a súa valoración polo profesor só poderá realizarse na plataforma Moodle e dentro do prazo indicado en cada caso polo profesor. Asimesmo lémbrese ós alumnos que a asistencia ás clases é obrigatoria de modo que só podrán valorarse ás prácticas dos alumnos que asistan ás clases o, en su caso, contén coa correspondente dispensa do profesor . Para ello é preciso comunicalo con antelación e aportar o correspondente xustificante da causa que impida a asistencia ás clases. (A dispensa no eximirá da entrega das prácticas dentro do prazo asignado).

III. PROBA DE CONXUNTO 1. Contémplase a opción de presentarse a unha proba de conxunto para aqueles casos excepcionais que non permitisen a realización dos traballos relacionados no programa. 2. Esta proba estará composta dunha parte práctica e dunha teórica, todo isto sobre unha cualificación de 10. 3. A proba realizarase na data aprobada para tales efectos polo centro. Será requisito imprescindible comunicar o profesor con antelación suficiente a opción por este sistema e xustificar as razóns alegadas.

I.V. SEGUNDA CONVOCATORIA: Na convocatoria de Xullo o 100% da nota obterase mediante a realización dunha proba obxectiva que podrá valorar tanto os coñecementos teóricos como prácticos dos alumnos.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none">- GARCÍA ABELLAN (). Cursode Derecho Sindical. Universidad de Murcia- - SALA FRANCO, T. Y ALBIOL MONTESINOS (). Derecho sindical. Tirant lo Blanch- RODRIGUEZ PILERO M. Y otros (). Comentarios a la Ley de Libertad Sindical. Tecnos- - MARTINEZ GIRON JESUS,ARUFE VARELA ALBERTO,CARRIL VAZQUEZ XOSE (). Derecho del trabajo, Editorial Netbiblo. Editorial Netbiblo- PALOMEQUE LÓPEZ M.C (). derecho Sindical Español. Tecnos- - OJEDA AVILÉS. A. (). Derecho Sindical.. Editorial Tecnos- TOMÁS SALA FRANCO (). Negociación Colectiva. Tirat IO Blanch- JOSÉ LUIS MONEREO PÉREZ Y OTROS (). los derechos de libertad sindical y negociación colectiva en una perspectiva comparada. Comares |
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none">- tEXTOS LEGALES (). Legislación Social Basica. Tecnos, Civitas, Aranzadi otras |



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase a asistencia a clase, a realización de todas as actividades que se planifiquen na mesma e a participación nos actos académicos e non académicos organizados tanto polos profesores que imparten a materia como polo centro. Advírtese expresamente aos alumnos de que nesta materia faise uso, como medio preferente para o desenvolvemento da materia, da plataforma Moodle polo que é responsabilidade do alumno o uso desta ferramenta e a súa periódica consulta.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías